

Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade da Coruña

Pautas para presentación e defensa de TFM

1. O TFM entregarase en Moodle e debe incluír a solicitude de defensa, obtida na secretaria virtual do alumnado. O/a subcoordinador/a responsable do itinerario ou o/a secretario/a da comisión avaliadora serán quen facilite copias dixitais do TFM ás persoas encargadas de revisalo e puntualo.
2. Superar as materias dos módulos xenérico e específico é requisito indispensable para a defensa do TFM. Con todo, dada a excepcionalidade das circunstancias, poderán tamén presentarse os/as estudantes que non puideron completar o Prácticum (por ficaren por debaixo do número de horas necesario). Os/as subcoordinadores/as recibirán, de mans do profesorado do seu módulo, a lista-xe completa dos aprobados e suspensos en cada materia, e aseguraranse de que non se permita defender a quen estea incurso/a en causa de exclusión.
3. A presentación do TFM farase a través dunha gravación audiovisual cuxa duración máxima será de 20 minutos. Co obxecto de evitar dúbidas verbo da autoría da exposición, tomarase a seguinte providencia: nos primeiros momentos da gravación (abonda cun ou dous minutos), o/a alumno/a aparecerá na pantalla, fará unha brevísima presentación de si mesmo/a (nome completo, estudos de grao ou equivalentes) e anunciará o título do seu TFM. No resto da gravación, pode falar ante a cámara ou optar pola voz *en off*, segundo a súa preferencia. O arquivo deberá aloxarse na plataforma *Microsoft Stream*, dende a cal se porá a disposición da comisión avaliadora (as instrucións poden consultarse nesta ligazón: https://www.dropbox.com/s/5uihbcder5k5k38/Manual%20subir%20vídeo_presentacion%20Stream.pdf?dl=0). Salvo indicación en contra do/a subcoordinador/a, e sempre que non sexa incompatible coa programación da facultade, os/as estudantes poderán subir o vídeo a *Stream* até as 14:00 horas do día 25 de xuño.

Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade da Coruña

4. A defensa realizarase nunha sesión en *Microsoft Teams*; nela, as persoas integrantes da comisión expresarán as súas valoracións e farán as preguntas que estimen pertinentes. Antes de que comece o acto, a comisión reunirse para valorar os criterios correspondentes ao contido do TFM e á vídeo-presentación.
5. *Microsoft Teams* será a canle empregada para a publicación das cualificacións provisionais e o anuncio da data e hora da revisión. Dado que as reunións teñen asociado un taboleiro (o *chat*) no que se pode escribir o/a Secretario/a podería comunicar a nota por esa vía, logo de que terminen as deliberacións do tribunal.
6. As cualificacións serán publicadas en Moodle, en TEAMS e na Secretaria Virtual. A tarefa levarana a cabo o/a secretario/a da comisión avaliadora ou o/a sub-coordinador/a do itinerario, sempre e cando teñan acceso a Moodle.
7. A data e horario de revisión serán comunicadas na sesión de defensa, na listaxe de cualificacións publicada e na secretaria virtual. A revisión farase por medio dunha reunión en *Teams*, que será programada e anunciada con antelación.

Maio-2020